



Benvindo a MERGULLADOR ([video de presentación](#)), o portal de recursos electrónicos do Servizo Galego de Saúde, donde poderá:

- o Realizar buscas en varios recursos á vez (metabuscas)
- o Buscar recursos electrónicos (bases de datos, portais de revistas, páxinas web, etc.)
- o Buscar revistas electrónicas e coñecer o seu factor de impacto
- o Acceder ao texto completo se dispoñemos de suscripción
- o Servizos personalizados (alertas, recursos favoritos, etc.)

MANUAIS E GUÍAS

- o [Guía Rápida de Mergullador](#)
- o [Guía Buscar recursos-e](#)
- o [Guía Buscar revistas-e](#)
- o [Guía da Busca por categorías](#)
- o [Guía da Metabúsca](#)
- o [Guía de O meu espazo](#)

Usuario

Contrasinal

Se non ten usuario, pode acceder ao sistema como [invitado](#)

Se pertence ao Servizo Galego de Saúde, pode utilizar o seu usuario e contrasinal para acceder a MERGULLADOR como usuario rexistrado. Só se se rexistra accederá a todos os servizos e funcións.

Se non é membro do SERGAS pode acceder como [INVITADO](#) (español) o [GUEST](#) (English). Os usuarios invitados o guest **só** terán acceso aos recursos gratuítos.





Mergullador.

(<http://mergullador.sergas.es>)

¿Que é Mergullador?


Mergullador é a plataforma de acceso aos recursos electrónicos da Biblioteca Virtual do sistema Sanitario Público de Galicia, Bibliosaúde.


¿Que ofrece Mergullador?

1. **Buscar recursos electrónicos:** permite buscar e acceder ás bases de datos, libros electrónicos, enciclopedias, catálogos, portais temáticos... Pode buscalos por materia, por título, por proveedor, por tipoloxía, etc. Para buscar en recursos enlazables (non compatibles co modo de busca do metabuscador, que recoñecerá pola icona  e porque **non** teñen lupa , terá que picar sobre o nome para ir á pantalla propia do recurso e buscar nela.
2. **Buscador de revistas electrónicas:** permite localizar e acceder ás revistas electrónicas polo seu título, ISSN, editor,

1. Páxina de acceso ao Mergullador

2. Páxina principal de busca en Mergullador

materia. A icona  lle enlaza cos principais servizos accesibles para cada título, como o texto completo dos artigos no caso de ter suscripción.

3. **Localizador de artigos:** permite localizar o texto completo dun artigo de revista a partir dunha cita bibliográfica. Non é unha ferramenta para buscar artigos sobre un tema, senón que lle permitirá enlazar cun artigo previamente identificado. Para o seu correcto funcionamento recoméndase cubrir a maior cantidade de datos que sexa posible e así localizará o artigo dunha forma mais exacta. Se coñece o PMID (PubMed Identifier) a localización será máis precisa.
4. **Metabusca:** permite buscar en varios recursos de información de xeito simultáneo, ver os resultados de busca de modo unificado e enlazar ao texto completo se está dispoñible. Permítelle seleccionar un grupo de recursos, e mesmo seleccionar en que recursos dese grupo quere buscar. Recorde que para poder acceder a todos os recursos deberá estar rexistrado, pois senón figurará como invitado e os recursos subscritos aparecerán precedidos por un cadeado .
5. **Busca por categorías:** é un tipo de busca rápida que difire da metabusca en que os recursos de cada grupo ou categoría están preseleccionados pola biblioteca. A diferenza da metabusca non poderemos seleccionar algúns recursos dentro do grupo, haberá que buscar en todos eles simultaneamente.
6. **O meu espazo:** permite unha serie de posibilidades de personalización para usuarios rexistrados: crear grupos de

bases de datos, recursos electrónicos ou listas de revistas favoritas; gardar estratexias de busca para reutilizalas no futuro, crear alertas por e-mail, exportar referencias a xestores bibliográficos, etc.

¿Quen pode acceder?

Calquera persoa cun ordenador conectado a internet.

Hai un acceso básico (invitado ou guest) para usuarios non rexistrados (alleos ao Servizo Galego de Saúde ou á Consellería de Sanidade) e un acceso completo para usuarios rexistrados. O acceso dos usuarios rexistrados realízase mediante o *Nome de usuario* e *Contraseña* (os mesmos que se utilizan para acceder a outros servizos do Sergas). Os usuarios non rexistrados só terán acceso aos recursos gratuitos.

¿Dende onde pode acceder?

Pódese acceder a Mergullador dende a intranet ou a través de internet.

Se está no portal de Bibliosaúde, (<http://bibliosaude.sergas.es>) atopará Mergullador na páxina principal, no apartado Servizos.

Tamén pode acceder directamente dende a dirección: <http://mergullador.sergas.es>